

Monbús, exemplo de destrución de emprego e ataque aos dereitos laborais

O Grupo de empresas Monbús, adicado ao transporte escolar e de viaxeiros, representa na actualidade a maior empresa do sector en Galiza. Iniciando a súa actividade con Autos Monforte en Lugo, nos últimos catro anos este grupo ten mercado, entre outras empresas, a Unión, Castromil, Auto Industrial, Vda. J. Domínguez, Miño, Lago, Gala, Augas do Incio, Villalón e Talleres Campiña. Así mesmo dispón de liñas de transporte urbano nas cidades de Lugo e Pontevedra, así como a liña regular Vigo - Barcelona.

Quen financia Monbús?

A principal figura directiva deste grupo empresarial chámase Raúl López, que favorecido inexplicabelmente por un préstamo da Xunta de 2.200 millóns de ptas. no ano 2000, inicia a compra de diferentes empresas, entre elas Transportes La Unión. Posteriormente a entrada de Caixa Nova como accionista concede a liquidez necesaria para completar o que parece ser o obxectivo final de monopolizar o sector do transporte escolar e de viaxeiros en Galiza. Ao mesmo tempo, a Xunta mostra unha inactividade nas inspeccións (que raia na negligencia) para o cumprimento do servizo que exige a Lei, desoíndo a reclamación de millares de usuarios e diferentes concellos pola degradación e perda de calidade observada na prestación da actividade por esta empresa.

O atentado aos dereitos no traballo por parte de Monbús iníciase coa compra da Unión no ano 2001. As primeiras medidas da empresa son retirar as axudas de custo e o plus que perciben os condutores por realizar simultaneamente o transporte escolar e de viaxeiros e os tempos de espera, incrementándolles pola contra a xornada de traballo. Como consecuencia disto o persoal convoca unha folga que durou catro meses. Durante esta folga foron despedidos 60 traballadores, segundo a empresa por non acataren os servizos mínimos da Xunta, que foron declarados ilegais polo Tribunal Superior de Galiza. Mentres o persoal secundaba a folga, a empresa contratou 'esquirois' e foi

condenada por este acto polo mesmo tribunal, pero aínda así continuou traballando con esquirois. Os traballadores foron gañando as sentenzas por despedimento, pero a empresa continuou sen readmitilos. Logo de catro meses de folga, chégase a un acordo no que participa a propia Xunta de Galiza, resolvendo o problema dos despedidos e a aplicación do Convenio. Rematada a folga, a empresa manifesta que non pensa acatar o Acordo que ela mesma asinou, e nesa semana son detidos catro sindicalistas da CIG acusados de desperfectos en autobuses da empresa. Monbús está condenada con sentenzas firmes por atentar contra o dereito á folga e a liberdade sindical, en ambos os casos polo conflito da Unión.

A destrución de postos de traballo por parte de Monbús prodúcese á mesma velocidade coa que mercan empresas. Dende o ano 2001 os cadros de persoal incorporados ao grupo reducíronse case a metade, xa que durante este tempo destruíron aproximadamente 170 empregos. Monbús busca a rendibilidade económica eliminando dereitos e postos de traballo. Por esta razón é a empresa con máis conflitos e folgas nestes últimos catro anos e nas que se reclama sempre o cumprimento da Lei, do Convenio Colectivo.

Preguntámonos como esta empresa que se destaca pola eliminación de emprego e a desobediencia da legalidade incumprindo os dereitos no traballo, pode estar tan protexida pola Xunta, e ao mesmo tempo prestar un servizo público que está sendo constantemente recriminado e contestado polos usuarios. Tamén nos preguntamos como Caixa Nova pode colaborar nun proxecto de empresa tan agresivo coa clase traballadora. Por parte da CIG, manifestamos que mentres o Grupo Monbús manteña esta política de acoso ao mundo do traballo sempre terá unha resposta sindical pola nosa parte, e debe ter tamén unha resposta cidadá, porque a deterioración laboral, e máis nesta actividade, implica unha deterioración no servizo e na seguridade dos usuarios, moitos deles cativos en idade escolar.



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com